

Curso POO PHP Comentarios

Comentarios

Nunha páxina web os comentarios ao HTML van entre os delimitadores `<!-- -->`. Dentro do código PHP, hai tres formas de poñer comentarios:

- Comentarios dunha liña utilizando `//`. Son comentarios ao estilo da linguaxe C. Cando unha liña comeza polos símbolos `//`, toda ela se considera que contén un comentario, ata a seguinte liña.
- Comentarios dunha liña utilizando `#`. Son similares aos anteriores, pero utilizando a sintaxe dos scripts de Linux.
- Comentarios de varias liñas. Tamén iguais aos da linguaxe C. Cando nunha liña aparezan os caracteres `/*`, considérase que aí comeza un comentario. O comentario pode estenderse varias liñas, e rematará cando escribas a combinación de caracteres oposta: `*/`.

--Víctor Lourido 14:40 25 jun 2013 (CEST)